



CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2024

Quedando definitivamente aprobados o límite de gasto non financeiro, o orzamento xeral e o cadro de persoal para o exercicio 2025 en sesión do Pleno celebrada o 28 de novembro de 2024, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público:

PRIMEIRO.- Que os estados que integran o orzamento xeral, tanto en gastos como en ingresos, a nivel de capítulos, ascenden aos importes que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS		
CAP	DESCRIPCION	CONSIGNACION
A. OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	1.045.906,40
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.056.582,83
3	GASTOS FINANCIEROS	6.898,86
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	192.301,36
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.301.689,45
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES	440.627,71
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	196.085,88
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		641.713,59
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.943.403,04

ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
A. OPERACIONES CORRIENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	954.000,00
2	IMPUESTOS DIRECTOS	37.996,57

3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	567.670,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	2.382.140,84
5	INGRESOS PATRIMONIALES	11.129,30
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.952.936,71
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	333.453,06
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		338.453,06
TOTAL PRESUPUESTO DE INGREOS		4.291.389,77

SEGUNDO.- Que o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello de Cospeito para o exercicio 2025 ascende a 2.815.925,93 €.

TERCEIRO.- Que o cadro de persoal comprensivo dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral é o seguinte:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA			
	Grupo	Nº de	
Denominación da praza	Subgrupo	prazas	Observacións
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:			
Secretario	A1	1	Cuberta polo Titular
Interventor	A1	1	Comisión de servicios
Tesoureiro	A1	1	Cuberto polo titular
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:			
a) Subescala Administrativa			
Administrativo	C1	1	Cuberta polo titular
b) Subescala Auxiliar			
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Situación de servizos especiais
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Cuberta polo titular
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Vacante
c) Subescala Subalterna			
Subalterno- conserxe Casa da Cultura	AP	1	Interinidade
Subalterno de administración xeral	AP	1	Interinidade
3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
Subescala de Servizos Especiais:			

<u>-Clase: Persoal de Oficios:</u>			
Operario de servizos	AP	1	Vacante
Axudante de servizos	AP	1	Vacante

B) PERSOAL LABORAL			
	Nº de		
Denominación da praza	postos	Carácter	Observacións
1.FOMENTO DO EMPREGO			
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Fixo	Interinidade
2. PROMOCIÓN DA CUTLURA			
Animadora sociocultural	1	Temporal	
3. HOSPITAIS, SERVIZOS ASISTENCIAIS E C. DE SAÚDE			
Conserxe de edificios municipais	1	Fixo	Vacante
4. ENSINANZA			
Limpadoras centros de ensino	2	Fixo	Cubertas polos titulares
5. URBANISMO			
Oficiais de 1ª	1	Fixo	Cuberta polo titular
Oficiais de 1ª	1	Temporais	
6.RECOLLIDA, ELIMINACIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS			
Oficial de 1ª	1	Fixo	Vacante
7. ESTRADAS			
Oficial de 1ª	4	Temporais	
Peón	2	Temporais	
Total funcionarios de carreira.....	11		
Total persoal laboral fixo.....	6		
Total persoal laboral temporal.....	8		
Total postos de traballo 2021.....	25		

A) FUNCIONARIOS INTERINOS POR PROGRAMA			
	Grupo	Nº de	
Denominación da praza	Subgrupo	prazas	Observacións
1. TECNICA			
Arquitecto	A1	1	Interinidade

Contra este acordo que agota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a

contar o día seguinte á publicación do presente anuncio, tal e como dispón o artigo 4.2 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O Orzamento entrará en vigor, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo o desposto no artigo 20 do RD 500/1990 e artigo 169.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Cospeito, 24 de decembro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 4163

MEIRA

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación de crédito do orzamento do Concello de Meira do ano 2024.

O Pleno do Concello de Meira na súa sesión celebrada en data 29.11.2024 acordou a aprobación inicial de dúas modificacións de crédito baixo a modalidade de suplemento de crédito e transferencia de crédito respectivamente.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en tanto que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo plenario de aprobación inicial, queda automaticamente elevado a definitivo.

Faise público o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos trala aprobación do devandito expediente:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulos do Orzamento de Ingresos:

1	IMPOSTOS DIRECTOS	661.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	25.000,00
3	TAXAS E PREZOS PÚBLICOS	406.457,93
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.166.810,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.761,20
6	ALLEAMENTO INVERSIÓNS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	108.970,87
8	ACTIVOS FINANCEIROS	182.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		2.562.000,00

Capítulos do Orzamento de Gastos:

1	GASTOS DE PERSOAL	695.728,08
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	1.595.659,01
3	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	113.612,91
6	INVERSIÓNS REAIS	152.000,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		2.562.000,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Meira, 23 de decembro de 2024.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 4158

MONDOÑEDO

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2025, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 28 de Novembro do 2024, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición, considérase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
1	GASTOS DE PERSONAL	2.506.310,02
2	GASTOS CORRIENTES EN BENS E SERVIZOS	1.307.541,39
3	GASTOS FINANCIEROS	6.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	51.269,35
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0.00
6	INVERSIÓNS REAIS	30.064,70
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0.00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0.00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0.00
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.903.185,46

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.428.878,84
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00
3	TASAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	780.811,12
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.565.509,00
5	INGRESOS PATRIMONIALES	67.421,80
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0.00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	30.564,70
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0.00

9	PASIVOS FINANCIEROS	0.00
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS		3.903.185,46

Do mesmo xeito en cumprimento do disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, faise pública a plantilla de persoal:

PLANTEL DE PERSONAL 2025

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

1.- SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS.

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	Nº Praza	RX	CD	SITUACION	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
001	Secretario/a-Interventor/a	1	F	28	Definitiva	A1/A2	FHN/SI	Secretario/a-Interventor/a
007	Técnico/a administración persoal e emprego	1	F	23	Vacante	A2	AX/X	Técnico/a Xestión
009	Responsable tramitación asuntos secretaría	1	F	22	En propiedade	C1	AX/ADM	Administrativo/a
010	Responsable contabilidade e tramitación asuntos intervención	1	F	23	En propiedade	B	AX/ADM	Administrativo/a
016	Responsable rexistro, tramitación expedientes diversos e atención á alcaldía e ao público	1	F	18	Vacante	C1/C2	AX/AD-AUX	Administrativo/a-Auxiliar
017	Responsable tramitación asuntos tesouraría, recadación e padrón	1	F	22	En propiedade	C1/C2	AX/AD-AUX	Administrativo/a-Auxiliar

2.- SERVIZOS SOCIAIS E BENESTAR.

Unidade Servizos Sociais e Benestar

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
004	Responsable unidade servizos sociais e benestar	1	F	25	Vacante	A2	AE/T/M	Traballador/a Social
005	Traballador/a social	1	F	23	Vacante	A2	AE/T/M	Traballador/a Social
027 037	Auxiliar axuda no fogar (xornada completa)	11	L	14	Vacante	C2/AP		Auxiliar Axuda Fogar
038	Auxiliar axuda no fogar (xornada tempo parcial- 25 horas)	1	L	14	Vacante	C2/AP		Auxiliar Axuda Fogar
039	Auxiliar axuda no fogar (xornada tempo parcial- 30 horas)	1	L	14	Vacante	C2/AP		Auxiliar Axuda Fogar

3.- CULTURA, TURISMO, DEPORTE E MOCIDADE.

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA

003	Dinamizador/a actividades deportivas	1	F	21	Vacante	A1/A2	AE/T/S-M	Mestres/ graduados Educación Física
008	Dinamizador/a cultura e Turismo	1	F	20	Vacante	A1-A2-B-C1	AX/T-X-ADM//AE/T/S-M-A	
020	Auxiliar biblioteca e actividades literarias	1	F	16	Vacante	C2	AE/SE/CE	Auxiliar Biblioteca
019	Auxiliar oficina municipal información á mocidade	1	F	14	Vacante	C2	AE/SE/CE	Auxiliar OMX

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1 Unidade servizos urbanísticos

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
002	Responsable unidade servizos urbanísticos	1	F	26	Vacante	A1	AE/T/S	Arquitecto
006	Arquitecto/a técnico/a (1/2 xornada)	1	F	23	Vacante	A2	AE/T/M	Arquitecto/ Arquitecto técnico
018	Encargado/a oficina de apoio administrativo	1	F	18	Vacante	C2	AX/AUX	Auxiliar

4.2.- Unidade mantemento edificios

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
040	Conserxe coordinador/a unidade mantemento edificios	1	F	14	En propiedade	AP	AX/SUB	Conserxe
044	Operario/a servizos múltiples-Encargado/a Albergue	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operarios
048 a 050	Operarios/as servizos múltiples	3	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operarios

4.3 Unidade mantemento xardíns, espazos naturais e limpeza viaria

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
045	Operario/a servizos múltiples-condutor-obras	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario
053	Operarios/as servizos múltiples	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario

4.4. Unidade de obras e servizos

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
023 a 025	Oficiais servizos múltiples-condutores	3	F/L	15	Vacante	C2	AE/SE/PO	Oficial
042	Operario/a servizos múltiples- condutor obras- Encargado/a Cemiterio	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario

043	Operario/a servizos múltiples- condutor obras- Encargado/a instalacións deportivas	1	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario
046-047	Operarios/as servizos múltiples- condutores- obras	2	F/L	13	Vacante	AP	AE/SE/PO	Operario
054	Mecánico/a condutor "a extinguir"	1	F/L	14	Vacante			
055	Peón "a extinguir"	1	F/L	13	Vacante			

5.- SERVICIOS DE SEGURIDADE.

Corpo de Policía Local

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO					REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO			
Nº	DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Dot	RX	CD	SITUACIÓN	GR/SGR	ESC/SUB	PRAZA
011	Xefe/a corpo policía local	1	F	22	Vacante	C1	AE/SE/PL	Oficial Policía local
012 a 014	Policías locais	3	F	20	1 En propiedade 2 Vacantes	C1	AE/SE/PL	Policía local
015	Policía local	1	F	20	En propiedade	C1	AE/SE/PL	Policía local
026	Auxiliar policía local	1	F	16	Vacante	C2	AE/SE/PL	Auxiliar policía local

RESUMO DE PERSOAL

PERSONAL	Nº EMPREGADOS
FUNCIONARIOS	
FUNCIONARIOS SUBGRUPO A1	3
FUNCIONARIOS SUBGRUPO A2	4,5
FUNCIONARIOS SUBGRUPO B	1
FUNCIONARIO DE CARREIRA SUBGRUPO C1	7
FUNCIONARIO DE CARREIRA SUBGRUPO C2	6
FUNCIONARIO DE CARREIRA SUBGRUPO AP (SUBGRUPO E)	4
TOTAL FUNCIONARIOS	25,5
PERSONAL LABORAL FIXO	
FUNCIONARIOS SUBGRUPO A1	4
FUNCIONARIOS SUBGRUPO A2	1
PERSONAL LABORAL FIXO SUBGRUPO C2	3
PERSONAL LABORAL FIXO SUBGRUPO AP	29
TOTAL PERSOAL LABORAL FIXO	37,00
LABORAL TEMPORAL	
TRABALLADORA SOCIAL	1
EDUCADORA FAMILIAR	0,5

AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	6
COORDINADORA EDUCADORA AT. TEMPERÁ	1
PSICOPEDAGOGA ATENCIÓN TEMPERÁ	1
LOGOPEDA ATENCIÓN TEMPERÁ	2
LDO DEREITO ÁREA REXURBE	1
AUXILIAR POLICÍA LOCAL	1
SOCORRISTA	2
TOTAL LABORAL TEMPORAL	15,5
TOTAL PERSOAL CONCELLO MONDOÑEDO	78,00

O plantel de persoal laboral temporal poderá incrementarse coas subvencións que este Concello poida recibir dos Organismos Oficiais para financiar a contratación de persoal ou ben por motivos de extrema urxencia e necesidade para atender servizos prioritarios dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Mondoñedo, 24 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 4164

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 23.12.2024, aprobouse inicialmente o proxecto de "OBRAS DE URBANIZACIÓN, DOTACIÓN DE SERVIZOS E CONEXIÓN CON REDES DE SISTEMA XERAL DA ZONA D", redactado en decembro do 2024 por MONSA URBANISMO.

Sométese o expediente a información pública durante o prazo de 1 MES, mediante anuncio no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 96.3 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Durante o citado prazo, contado a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio poderán formularse as alegacións que se estimen pertinentes.

O expediente poderá ser consultado no Departamento de Contratación

Monforte de Lemos, 23 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Gloria M. Prada Rodríguez, 1ª Tenente Alcalde (PD Decreto 21.06.2023).

R. 4165

RÁBADE

Anuncio

Resolución de alcaldía de 23 de decembro do Concello de Rábade, pola que se aproban as bases e a convocatoria para a praza de encargado/a de obras e servizos deste Concello, mediante sistema de concurso-oposición libre.

Logo de aprobarse por decreto de alcaldía de 23 de decembro de 2024, as bases e a convocatoria para cubrir a praza de encargado/a de obras deste Concello, mediante sistema de concurso-oposición libre, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

BASES DE CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO ENCARGADO DA BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE RÁBADE E CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA ESTA CATEGORÍA.-**PRIMEIRA.- Obxecto da Convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria a selección e contratación mediante contrato de duración indefinida suxeito a réxime de dereito laboral (praza incluída da oferta de emprego público 2023), dun posto de Encargado da brigada municipal de obras e servizos do Concello de Rábade. A duración do contrato será ata que se cubra ou amortice a praza de forma regulamentaria, sendo a duración máxima da contratación 3 anos conforme ao previsto na disposición adicional cuarta da Real Decreto-Lei de 32/2021 de 28 decembro.

A partir do presente proceso selectivo, constitúese igualmente Bolsa de Emprego para a categoría de Encargado de brigada municipal de obras e servizos para a cobertura das necesidades de contratación temporal.

SEGUNDA.- Forma de selección.

A selección levará a cabo polo sistema de concurso-oposición libre.

TERCEIRA.- Funcións.

1. Distribuír o traballo entre o persoal do Departamento, nas tarefas de conservación e explotación das obras de competencia municipal cando se lle requira.
2. Propoñer melloras que garantan unha maior eficacia e eficiencia dos traballos realizados.
3. Controlar e supervisar ó persoal ó seu cargo de acordo coas instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.
4. Realizar tarefas de creación, mantemento e conservación de obras, infraestruturas, saneamento, e alumeadado público velando polo correcto desenvolvemento das obras dando conta o seu responsable de calquera incidencia que poida xurdir.
5. Vixiar e controlar o bo estado da vía pública, parques e xardíns o seu mobiliario urbano dando conta o seu responsable de calquera incidencia que poida existir.
6. Informar ao seu superior xerárquico da necesidade de material adecuado para o correcto desempeño do posto de traballo.
7. Condución de vehículos cando se requira sempre que estea en posesión do carne necesario.
8. Realizar traballo de poda en altura sempre e cando reúna a formación necesaria para elo.
9. Realizar a reparación de avarías na rede eléctrica.
10. Realizar tarefas de eficiencia enerxética e propostas de mellora nas diferentes instalacións eléctricas municipais.
11. Coidar e manter a adecuada limpeza e posta a punto dos equipos e da maquinaria.
12. Realizar nos equipos e maquinaria pequenas reparacións preventivas que resulten necesarias sempre que para a súa execución non resulte necesaria unha especial cualificación.
13. Revisar as instalacións onde desenvolve o seu traballo dando conta ao seu superior xerárquico de calquera incidencia que puída existir.
14. Realizar a montaxe e a desmontaxe do material requirido para a organización de eventos municipais cando se requira.
15. Realizar operacións de carga e descarga de material.
16. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Concello.

CUARTA.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para ser admitido á realización das probas selectivas da convocatoria os aspirantes, á expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser español ou estar incurso nalgún dos supostos previstos no artigo 57 de Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder de sesenta e cinco anos.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Técnico Auxiliar de Electricidade (FP1) ou equivalente, ou cumprir as condicións para obtelo na data en que termine o prazo de solicitudes.

f) Estar en posesión do carné profesional de instalador electricista en baixa tensión (certificado de cualificación individual) tipo IBTB (categoría básica) ou IBTE (categoría especialista), ou en posesión dos títulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade que presumen o cumprimento do previsto no apartado 1 do apéndice da ITC-BT-03 do REBT en relación co inciso BI do apartado 4 de dita ITC.

Equivalencia de títulos: Corresponde á autoridade académica ou administrativa competente declarar a equivalencia de títulos ou certificados.

Os títulos estranxeiros deberán estar debidamente validados na data de finalización de presentación de solicitudes, e a súa acreditación corresponderá aos aspirantes interesados.

QUINTA.- Solicitudes.

Quen desexe tomar parte nestas probas selectivas, deberán facelo constar en instancia dirixida á Sra. Alcadesa, que lles serán facilitadas polo Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Rábade, e na Sede electrónica do Concello de Rábade.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rábade, preferentemente a través da Sede electrónica, ou conforme ao disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos ante de ser certificada. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (Fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada non rexistro do Concello antes de que remate ou prazo e hora fixados como ou último día para a presentación de solicitudes. De non ser así non poderá estimarse como presentada en data.

Á solicitude deberá acompañarse resguardo acreditativo de satisfacer o importe dos dereitos de exame, onde conste o nome e apelidos do solicitante e indicando no concepto do ingreso bancario ou transferencia "TAXA ENCARGADO BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS" que se establecen en 18,00 euros conforme á vixente Ordenanza Municipal da Taxa por Expedición de Documentos Administrativos e Dereitos de Exame, que deberán, ser ingresados na conta que este Concello mantén na sucursal en Rábade de ABANCA con IBAN ES6320800139313110000103 ou documentación acreditativa de exención de ingreso dos devanditos dereitos de exame. Aqueles aspirantes que resulten definitivamente excluídos non terán dereito en ningún caso á devolución do importe en concepto de dereitos de exame.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Xustificante de ingreso da cantidade de dereitos de exame na entidade bancaria que se indique ou certificación de exención de ingreso dos devanditos dereitos de exame.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

En cumprimento do disposto na súa normativa específica e a teor do que establece o artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as persoas que estean afectadas por algún tipo de discapacidade que, non impedíndolle o exercicio da función, supóñalles o non poder realizar as probas en igualdade de condicións, co resto dos aspirantes, poñerano de manifesto na instancia a fin de que o Tribunal dispoña o necesario para que quede garantida dita igualdade de condicións.

O presentar instancia solicitando tomar parte neste proceso selectivo constitúe sometemento dos aspirantes ás bases da convocatoria, que teñen consideración de lei reguladora da mesma.

SEXTA.- Lista de admitidos/as. Corrección de defectos e reclamacións.

1. Terminado o prazo de presentación de instancias, a Sr. Alcadesa-Presidenta e comprobado que os aspirantes reúnen os requisitos necesarios para acceder á convocatoria, ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal. Tanto para emendar os erros de feito, como para solicitar a súa inclusión no caso de resultar excluídos, os aspirantes de acordo con o establecido no Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispoñerán dun prazo de dez días, a partir do seguinte a aquel en que se faga pública na Sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Neste período só se admitirá a corrección de defectos de documentación. En ningún caso admitirase a incorporación de novos documentos que non se achegaron no prazo regulamentario.

2. Unha vez resoltas as reclamacións ou correccións procederase á publicación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nese caso, farase constar a causa de exclusión.

SETIMA.- Tribunal cualificador.

1. O Tribunal Cualificador estará constituído por un Presidente/a, tres Vogais e un Secretario/a.

- Presidente/a: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo a designar pola persoa titular da Alcaldía.

- Vogais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo a designar pola persoa titular da Alcaldía.

- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario de carreira en quen delegue, que actuará con voz pero sen voto.

Non poderán formar parte do Tribunal: O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. A pertenza ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Deberá a súa composición cumprir o estipulado no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público.

2. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de Asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, con voz pero sen voto.

3. O Presidente/a e os/as vogais do Tribunal deberán ter igual ou superior nivel de titulación académica á esixida para o ingreso nas prazas convocadas.

4. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, e os aspirantes poderán recusalos, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

5. O Tribunal constituirase de acordo con o establecido no artigo 17 da indicada Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e as decisións adoptaranse por maioría dos votos presentes, resolvendo en caso de empate, o voto do que actúe como Presidente/a, sendo secretos os seus acordos e deliberacións. Se por calquera circunstancia non concorresen a algunha das sesións o Presidente/a e/o ou Secretario/a, supliranse, no primeiro caso, polo Vogal de maior xerarquía, antigüidade ou idade, por esta orde, e no segundo, polo Vogal de menor idade.

OCTAVA.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

1. O lugar, data e hora da realización do exercicio xunto a composición nominal do Tribunal de Selección, publicarase na Sede electrónica Municipal e no Taboleiro Municipal de Edictos, se é posible xunto coa lista definitiva de admitidos e excluídos.

Os aspirantes comparecerán a todas as probas provistos do Documento Nacional de Identidade, cuxa presentación poderá ser esixida polo Tribunal, mesmo durante o desenvolvemento de cada proba. Serán excluídos/as quen, sendo requiridos para a súa achega, carezan do devandito documento.

2. Fase de oposición.

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios, sendo todos eles eliminatorios:

Primeiro exercicio: Proba teórica.

De carácter obrigatorio, igual para todos os aspirantes, consistirá nun cuestionario tipo test integrado por unha batería de preguntas relacionadas directamente coas funcións propias do posto de traballo conforme ao temario contido no anexo I adxunto. As preguntas e número destas determinaranse previamente polo Tribunal Cualificador. O tempo de realización do exercicio establecerase igualmente polo Tribunal no momento da súa realización. Valorarase de 0 a 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter unha puntuación mínima de 5 puntos, invalidándose unha resposta correcta por cada dúas respostas incorrectas. As respostas marcaranse nunha folla de respostas destinada para o efecto. A plantilla de respostas farase pública no taboleiro de anuncios con posterioridade ao exame.

Segundo exercicio: Proba práctica.

De carácter obrigatorio, igual para todos os aspirantes que superasen o primeiro exercicio, consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas aplicadas en contexto real propostas polo tribunal en relación coas funcións do posto, no tempo que o Tribunal estableza.

O tribunal valorará, entre outros aspectos, os coñecementos, capacidades, competencias profesionais e destrezas das persoas aspirantes, e poderá formular preguntas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisas dos mesmos.

Este exercicio será cualificado de 0 a 20 puntos, e terá carácter eliminatorio, debendo os/as aspirantes obter unha puntuación mínima de 10 puntos.

O lugar, data e hora da realización do exercicio práctico de que consta a oposición publicarase na Sede electrónica e o Taboleiro Municipal de Anuncios, se é posible xunto co resultado do exercicio teórico.

Terceiro exercizo: Coñecemento de galego.

Consistirá na tradución directa e/ou inversa de un ou varios textos, en castelán ou galego, facilitados polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do Certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos.

Cualificación final da fase oposición: Será a media aritmética dos dous exercicios que compoñen esta fase sempre que se superaron os dous exercicios.

3. Fase de concurso.

Soamente procederase a puntuar a fase de concurso no caso de superar a fase de oposición e de conformidade co baremo desta convocatoria. Publicadas as puntuacións da fase de oposición aqueles aspirantes que superen a mesma presentasen no prazo de 5 días hábiles seguintes á devandita publicación os méritos conforme establécese nestas bases. Baremados os méritos, o Tribunal expoñerá ao público a lista dos aspirantes coa puntuación obtida nesta fase, así como a de aprobados na fase de oposición por orde de puntuación.

A valoración dos méritos, previamente alegados e xustificados conforme ao regulado no apartado de solicitudes, divídese en dous apartados, nos que se terán en conta os documentos achegados como méritos polos aspirantes.

a) Experiencia laboral: Considérase experiencia laboral, a debidamente acreditada polo aspirante en igual ou similar posto ao que concorre. A aplicación da puntuación correspondente realizarase despois de sumar a totalidade dos períodos acreditados en cada apartado. No suposto de contratos de traballo a tempo parcial a puntuación reducirase proporcionalmente á xornada e períodos prestados, considerando como xornada habitual a establecida no convenio colectivo de aplicación. Deberase achegar en todo caso vida laboral, que por si soa non constitúe xustificación suficiente, a fin de acreditar os períodos e/o xornadas traballadas.

O documento válido para acreditar a experiencia laboral será o contrato laboral ou certificación expedida por organismo oficial onde conste inicio e fin de contrato, tipo de contrato, categoría profesional e número de días cotizados. Non se admitirá ningún outro documento.

- Por servizos prestados na Administración Local en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta. (Acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo competente) 0,10 puntos por cada mes completo.

- Por servizos prestados por conta allea en calquera Administración Pública en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta. (Acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo competente) 0,05 puntos por cada mes completo.

- Por servizos prestados por conta allea en entidade privada en praza ou posto de igual ou similar contido. (Acreditado mediante copia de contrato de traballo xunto con vida laboral) 0,02 puntos por cada mes completo.

A puntuación neste apartado non poderá exceder de 5 puntos. Para estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

b) Formación.

- Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados coas materias sobre as que verse o desempeño das funcións para realizar no posto de traballo.

- Valoraranse os cursos realizados, debidamente acreditados da seguinte maneira:

Cursos de formación e perfeccionamento relacionados coas tarefas propias do posto e a categoría que se convoca: A valoración de cada curso realizarase de acordo con a seguinte escala:

a) De 100 ou máis horas: 1'00 puntos

b) De 75 ou máis horas: 0,75 punto

c) De 50 ou máis horas: 0'50 puntos

d) De 25 ou máis horas: 0'25 puntos

e) De 15 ou máis horas: 0'15 puntos

En conxunto, a puntuación global asignada por formación non poderá exceder de 4 puntos.

b) Carnet de conducir categoría o clase C.

Por estar en posesión do carnet de conducir de categoría ou clase C, 1 punto.

Cualificación final do concurso: será a suma total das dúas fases do concurso: a valoración do apartado a) experiencia laboral, apartado b) formación e apartado C) Carnet de conducir categoría o clase C. Poderá obterse un máximo de 10 puntos pola fase de concurso.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no apartado 4º do artigo 44 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que en caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos enunciados no apartado primeiro deste artigo segundo a orde establecida. De persistir o empate acudirase á data de ingreso como funcionario de carreira no Corpo ou Escala desde o que se concurse e, na súa falta, ao número obtido no proceso selectivo.

NOVENA.- Relación de aprobados.

1.- Lista pública.- Terminadas as probas selectivas e a cualificación dos/as aspirantes, a Comisión publicará a relación de aspirantes aprobados/as, por orde de puntuación alcanzada, sendo esta a suma da fase de oposición e a do concurso. No caso de que se produza empate, resolverase dando preferencia en primeiro lugar á fase de oposición, en segundo lugar ao concurso e dentro deste á experiencia e en último lugar, de persistir o empate por sorteo.

2.- Recursos e reclamacións.- En canto ás reclamacións o prazo de presentación será de quince días naturais seguintes á publicación da lista de aprobados/as no Taboleiro de Edictos do Concello, que serán resoltas polo Tribunal. Resoltas as reclamacións ou superado o período para a súa presentación publicarase a lista definitiva.

3.- Lista definitiva e Bolsa de Emprego.- Serán chamados por orde de puntuación e de acordo con o sistema de rotación establecido no Regulamento para a contratación do persoal laboral temporal. Dita bolsa terá unha vixencia mínima de 2 anos a contar desde a data da Resolución pola que se constitúa. A Bolsa rexerese polo seu Regulamento.

DÉCIMA.- Presentación de documentos.

O/a aspirante proposto achegará inmediatamente antes da contratación, os seguintes documentos:

- Orixinal e copia do D.N.I.
- Orixinal e copia do documento de afiliación a Seguridade Social.
- Orixinal e copia da Titulación Académica esixida para o acceso á convocatoria.
- Orixinal ou copias autenticadas dos Títulos, diplomas, certificados, contratos ou outros documentos achegados como méritos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Faise constar expresamente que calquera termo xenérico referente a persoas, como opositor, aspirante, etc. debe entenderse en sentido comprensivo de ambos os sexos.

ANEXO I.- TEMARIO

Tema 1.- Características e estrutura da Constitución Española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Réxime Local Español. Clases de Entidades Locais. Organización Municipal. Competencias Municipais.

Tema 3.- Réxime xurídico do persoal ao servizo das Administracións Públicas. O persoal funcionario e o persoal laboral.

Tema 4. Conceptos xerais de albañilería. Ferramentas, materiais, solado e alicatado. Encofrados e levante de muros. Construción de arquetas e instalación de bordos. Conservación e mantemento de obras, manexo de maquinaria de obra lixeira ou media e pequenas actuacións de obra civil en viario.

Tema 5. Instalacións na vía pública (saneamento, electricidade, fontanería). Elementos de albañilería. Materiais e montaxe. Mantemento. Elementos de fundición rexistro e tipos.

Tema 6. Conservación integral do viario. Conservación preventiva de pavimentos. Reciclado de firmes. Reforzo e rehabilitación. Pavimentos de beirarrúas. Pavimentos de asfalto.

Tema 7. Sinalización de obras: Elementos de sinalización, balizamento e defensa.

Tema 8.- Especies habituais en xardinería. Recorte e formación de sebes.

Tema 9.- Poda de árbores. Tipos de poda. Ferramentas e útiles máis usuais.

Tema 10.- Árbores. Arbustos. Plantas de flor de tempada. Vivaces. Plantación. Rega. Abonado e outros labores de mantemento. Descrición.

Tema 11.- Métodos de control fitosanitario. Medios de loita contra pulgas e enfermidades. Pragmas e enfermidades das plantas de xardín.

Tema 12.- Ferramentas e maquinaria de xardinería (manual e mecánica). Coidado e mantemento das ferramentas. Sistemas de rega. Clases. Materiais máis usados. Elementos dunha instalación de rega en xardinería.

Tema 13.- Mantemento e inspección de mobiliario, zonas de xogos infantís e areneiros situados en zonas verdes.

Tema 14.- Redes de distribución de enerxía eléctrica. Instalacións eléctricas de baixa tensión. Diferenzas e tipos. Medidas de seguridade.

Tema 15.- Instalacións de iluminación pública. Redes eléctricas aéreas. Redes eléctricas subterráneas. Redes en fachadas: Elementos compoñentes, materiais e execución das instalacións.

Tema 16. Instalacións de iluminación pública. Clases, partes da instalación. Condutores, outros compoñentes e materiais. Eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior. Sistemas de control e telegestión.

Tema 17.- Instalacións eléctricas. Posta a terra para baixa tensión. Luminarias. Protección e corrección do factor de potencia de luminarias. Conexión á rede de iluminación. Dispositivos de mando e protección de instalacións eléctricas. Elementos e medidas de protección contra contactos eléctricos.

Tema 18. Instalacións eléctricas de interior de edificios. Partes compoñentes, condutores e outros materiais. Elementos de protección contra contactos eléctricos. Execución e conservación.

Tema 19. Medida e verificación de instalacións eléctricas. Autorización, posta en servizo e inspección. Equipos de medida. Equipos de mando.

Tema 20.- Prevención de riscos laborais. Condicións e normas de seguridade de carácter xeral. Riscos específicos vinculados ao posto e a súa prevención.

ANEXO II. - MODELO DE INSTANCIA.

D./Dña....., con DNI /NIE número.....
 e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en
CP.....localidade.....telf.....

Dirección Electrónica Habilitada:.....(indicar
 so no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas de xeito telemático)

EXPÓN:

1º).- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dun auxiliar administrativo interino segundo as bases publicadas no BOP de data._____

2º).- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4ª de selección para participar no presente proceso selectivo e no caso de obter a praza comprométo-me a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/1979.

3º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

4º) Que estou en posesión da seguinte titulación ou en condicións de obtela á data de remate de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo _____

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando estes efectos a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Técnico Auxiliar de Electricidade (FP1) ou equivalente ou superiores.
- Fotocopia do carné profesional de instalador electricista en baixa tensión (certificado de cualificación individual) tipo IBTB (categoría básica) ou IBTE (categoría especialista)
- Certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014 (de posuírse).

Pola presente autorizo coa miña sinatura a cesión dos datos contidos na presente instancia e na documentación que se acompaña ao Concello de Rábade, con dirección na Praza do 28 de maio s/n; concello.rabade@eidolocal.es. a fin de que ese Concello poida utilizados para todos os trámites relacionados directa ou indirectamente co presente proceso de selección, así como a xestión administrativa do mesmo. Igualmente autorizo ao Concello de Rábade á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en todo caso durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas derivadas do presente proceso de selección.

Lugar e data

Asdo.

SR. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE RÁBADE.

Rábade, 23 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 4166

Anuncio

Aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello do Concello de Rábade.

En sesión celebrada o día 26 de setembro de 2024, o Pleno da Corporación municipal adoptou o acordo de aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas modificacións introducidas tras a negociación colectiva e os informes que constan no expediente.

O devandito acordo publicouse integramente no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, por un prazo de vinte días hábiles, dende o 3 de outubro ao 31 de outubro de 2024.

Finalizado o período de exposición pública de 20 días, o Secretario municipal certificou a non presentación de alegacións no devandito período.

De conformidade co establecido no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcorrido dito prazo sen formularse alegacións elévase a definitivo o acordo de aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Rábade que a continuación se anexa.

Dita aprobación definitiva faise pública para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, debendo remitirse copia do mesmo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Igualmente remitirase copia á Secretaría-intervención municipal para o axuste que proceda dende o punto de vista orzamentario, dado que o vixente instrumento constituirá a memoria organizativa básica para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Xerais para o ano 2025.

Contra o presente acordo poderase interpor recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE RÁBADE													
CÓDIGO	POSTO DE TRABALLO PROPOSTO	VINC	GRUPO	NCD	DOT	VAC.	ESCALA	SUB.	F.PROV	C.ESP	TIP.	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
ÁREA DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E ADMINISTRACIÓN XERAL													
AX.01.01	Secretario-Interventor/a	FUNC	A1	28	1	0	HAB. NACIONAL	SEC.-INT.	C	665	S	TITULO UNIVERSITARIO/DE GRAO/EQUIVALENTE	Especial dedicación e dispoñibilidade
OFICINA DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA													
AX.01.02	Administrativo/a de asuntos económicos	FUNC	C1	22	1	0	ADMIN. XERAL	ADM	C	196	S	TITULO DE BACH/TÉCNICO/EQUIVALENTE	
AX.01.03	Administrativo/a	FUNC	C1	22	1	0	ADMIN. XERAL	ADM	C	196	NS	TITULO DE BACH/TÉCNICO/EQUIVALENTE	
AX.01.04	Vixiante municipal	FUNC	C2	18	1	0	ADMIN. ESPECIAL	SVS.ESP	C	240	NS	TITULO DE GRADUADO ESO/TÉCNICO/EQUIVALENTE/NA	Especial dedicación e dispoñibilidade
DEPARTAMENTO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL													
AX.01.05	Técnico/a de desenvolvemento local	FUNC	A1	24	1	0	ADMIN. ESPECIAL	TÉCNICA	C	230	S	TITULO UNIVERSITARIO/DE GRAO/EQUIVALENTE	Posto ocupado por persoal laboral fixo
AX.01.06	Técnico de cultura e deporte	FUNC	A2	24	1	0	ADMIN. ESPECIAL	TÉCNICA	C	300	S	TITULO UNIVERSITARIO/DE GRAO/EQUIVALENTE EN TEC.	Especial dedicación e dispoñibilidade
ÁREA DO TERRITORIO													
DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS													
AT.01.01	Arquitecto/a	FUNC	A1	24	1	1	ADMIN. ESPECIAL	TÉCNICA	C	256	S	TITULO UNIVERSITARIO/DE GRAO/EQUIVALENTE EN ARQUITECTURA	
AT.01.02	Encargado/a de obras e servizos	LAB	C2	18	1	1			C	235	NS	TITULO DE GRADUADO ESO/TÉCNICO/EQUIVALENTE/NA	Especial dedicación e dispoñibilidade

AT.01.03	Operario de servizos	LAB	AP	12	1	1			C	122	NS	SEN TITULACIÓN	
ÁREA DA CIDADANÍA													
DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL													
AC.01.01	Técnico de Prevención de condutas aditivas	FUNC	A1	24	1	0	ADMIN. ESPECIAL	TÉCNICA	C	255	S	TITULO UNIVERSITARIO/DE GRAO/EQUIVALENTE	Posto ocupado por persoal laboral fixo.
AC.01.02	Traballador/a social	FUNC	A2	24	1	0	ADMIN. ESPECIAL	TÉCNICA	C	255	S	TITULO UNIVERSITARIO/DE GRAO/EQUIVALENTE EN TRABALLO SOCIAL	
AC.01.03	Auxiliar de axuda no fogar	LAB	C2/AP	13	1	0			C	157	NS		Posto a extinguir

VINC.: Vinculación (Funcionario/Laboral). NCD: Nivel Complemento Destino. DOT: Dotación (número). VAC: Vacantes (número). SUB:Subescala. F.PROV: Forma de provisión. Concurso. C.ESP.: Complemento Específico. TIP.: Tipo de posto (Singularizado/Non singularizado).

Rábade, 24 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 4167

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario data 27 de novembro de 2024, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 10/2024 (suplemento de crédito), que se fai público resumido por capítulos:

Estado de gastos

Capítulos	Descrición	Definitivos (€)
1	Gastos de persoal	572754,12
2	Gastos correntes en bens e servizos	1475887,01
3	Gastos financeiros	1501,00
4	Transferencias correntes	66450,00
6	Investimentos reais	1112313,33
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	1,00
	TOTAL	3228906,46

Estado de ingresos

Capítulos	Descrición	Definitivos (€)
1	Impostos directos	620000,00
2	Impostos indirectos	105500,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	592000,00
4	Transferencias correntes	967917,10
5	Ingresos patrimoniais	1000,00
6	Alleamento investimentos reais	0,00

7	Transferencias de capital	887913,34
8	Activos financeiros	55076,02
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3229406,46

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Rábade, 24 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 4168

VILALBA

Anuncio

Procedementos: Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Expediente número: 4744/2024

Ordenanza Fiscal núm. 2 do Imposto de bens inmobles do Concello de Vilalba (IBI).

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro do 2024, da “*Ordenanza Fiscal núm. 2 do Imposto de bens inmobles do Concello de Vilalba (IBI)*”, publicado no BOP nº 258 do 8/11/2024, insertándose de seguido o texto íntegro da dita ordenanza reguladora, no cumprimento do estipulado no art. 17 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Disposición preliminar. A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e nos artigos 6, 7 e 8 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 marzo, e as modificacións dos ditos textos introducidos pola Lei 16/2007, do 4 de xullo, Disposición Adicional Sétima e Décima, despois do pronunciamento do Tribunal Supremo na sentenza do 30 de maio de 2007, pola que declara nulo e expulsa do ordenamento xurídico parte da redacción do artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto 417/2006, do 7 de abril, regulase mediante a presente ordenanza fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles coas excepcións que se conteñen máis adiante e segundo as tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

Artigo 1. Feito Impoñible.

1. O feito impoñible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos, urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufruto.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito impoñible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida neste, determinará a non suxeición do inmovible urbano ou rústico ás restantes modalidades previstas nel. Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

Teñen consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario os comprendidos nos seguintes grupos:

1. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e as centrais nucleares.
2. As presas, saltos de auga e embalses, incluíndo o seu leito ou vaso, agás as destinadas exclusivamente ao rego.
3. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
4. Os aeroportos e puntos comerciais.

E coas especificacións que se conteñen no artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto 417/2006, do 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo, do 30 de maio de 2007.

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2. Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ostentan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles serao pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmobles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do texto refundido das Facendas locais, do 5 de marzo de 2004, na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada segundo as normas do dereito común.

As administracións públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 3. Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.
2. Os coparticipantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei xeral tributaria responderán, solidariamente, en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.
3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles tivese adxudicado.
4. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 4. Exencións e Afeccións Reais

1. Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no texto refundido da Lei de facendas locais, do 5 de marzo de 2004.
2. Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas con tal carácter no texto refundido da Lei de facendas locais, do 5 de marzo de 2004.
3. Exencións potestativas: gozarán, así mesmo, de exención os seguintes inmobles:
 - a. Os bens inmobles de natureza urbana, sempre que a cota líquida resultante da aplicación dos beneficiarios fiscais, sexa inferior a 6 €.
 - b. Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida que corresponde á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior, despois de terse aplicado os beneficios fiscais, a 3 €.

c. Os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

4. Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Porén, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu goce.

5. Afección real na transmisión e responsabilidade solidaria na cotitularidade. De acordo ao artigo 64 do texto refundido da Lei de facendas locais, do 5 de marzo de 2004, nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoebles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos que se prevén na Lei xeral tributaria. Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán, expresamente, aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmoebles asociadas ao inmoeble que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non se ter achegado a referencia catastral do inmoeble, segundo o apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, segundo o que se prevé no artigo 70 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e outras normas tributarias.

6. Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os coparticipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixírase por partes iguais en todo caso.

Artigo 5. Base Imponible.

A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmoebles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación segundo as normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmoebles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o que se dispón no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por Lei 16/2007.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a lei prevea.

Artigo 6. Reducións.

1. A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmoebles, urbanos e rústicos, que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

- Inmoeble cuxo valor catastral se incremente como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valor aprobado con posterioridade ao 1-1-1997 ou a aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais do 5 de marzo de 2004.
- Cando se aprobe un relatorio de valores que dará lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e cuxo valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:
 - a. Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral.
 - b. Procedementos de valoración colectiva de carácter parcial.
 - c. Procedementos simplificados de valoración colectiva.
 - d. Procedementos de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes, e subsanación de discrepancias e inspección catastral.

2. A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67, 68, 69 e 70 do texto Refundido da Lei de facendas locais, do 5 de marzo de 2004.

Estas reducións, en ningún caso serán aplicables aos bens inmoebles de características especiais, agás as establecidas anteriormente e contidas no dito texto legal.

Artigo 7. Base Liquidable.

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2. A base liquidable, nos bens inmoebles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluíra a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4. O valor base será a base liquidable segundo as normas do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo e regulamentos de desenvolvemento.

5. A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, e polos regulamentos de aplicación.

Artigo 8. Tipo de Gravame, Cota Íntegra e Cota Líquida.

1. O tipo de gravame será:

a) Para os bens inmovibles de natureza urbana	0,45%
b) Para os bens inmovibles de natureza rústica	0,30%
c) Para todos os grupos de bens inmovibles de características especiais	1,30%

2. A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar o tipo de gravame á base liquidable.

3. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións á cota íntegra.

Artigo 9. Bonificacións Obrigatorias.

1. Gozarán dunha bonificación do 90% na cota do imposto os inmovibles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao seu remate, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza por parte da Administración municipal.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a axencia estatal da Administración tributaria, para os efectos do Imposto sobre Sociedades.
- Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

2. As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas segundo a Lei da comunidade autónoma, gozarán dunha bonificación do 50% durante o prazo de 3 anos, contados desde o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que solicitala o interesado en calquera momento anterior ao remate do prazo de 3 anos e terá efectos dende o período seguinte ao da solicitude.

Ao longo dos catro exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constituía a residencia do titular.

As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas, gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante o prazo de 4 anos contados dende o exercicio seguinte ao de aprobación da presente Ordenanza, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constituía a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior ao remate dos catro períodos, tendo efectos, en todo caso, dende o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do dito inmovible.

3. Os suxeitos pasivos que ostentan a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que estea empadroadado, coas seguintes características, segundo a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:

Categoría de familia numerosa	Porcentaxe bonificación. Para unidades familiares con ingresos de ata 3 veces o SMI	Porcentaxe bonificación. Ingresos de máis de 3 veces o SMI e que non superen 5,5 veces o dito SMI
Xeral	90%	50%
Especial	90%	75%

Para aplicar as bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, quen deberá acreditar:

- O empadramento na vivenda obxecto da solicitude.
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.
- Xustificante da declaración da renda do último exercicio anterior ao período da imposición.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por unidade familiar.

4. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, que emitiu a administración correspondente.

5. O recoñecemento destas bonificacións corresponde á alcaldía, ou órgano en que delegue.

6. As bonificacións que se contemplan nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder do 90% da cota íntegra, de forma acumulativa.

Artigo 9 Bis. Bonificacións Potestativas.

1. Ao amparo do disposto no art.74.2 quáter do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto aqueles inmobles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades gandeiras ou agrarias pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación o suxeito pasivo deberá de ser necesariamente o titular da explotación, debendo xustificala e, en todo caso, achegar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda no que conste a situación censal do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento da explotación ou licenza da actividade correspondente.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

O goce definitivo da presente bonificación quedará condicionado ao compromiso por parte do titular da actividade de que non se producirá o peche da explotación no prazo de tres anos seguintes á concesión da bonificación.

2. Ao amparo do disposto no art.74.2 quáter do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo terán dereito a unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego.

Bonificaranse ós inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de nova implantación no termo municipal que impliquen creación de novos postos de traballo. Tamén nos casos de ampliación das instalacións de actividades xa implantadas no termo municipal, sempre que supoña a creación de novos postos de traballo. Neste caso aplicarase a bonificación ao inmovible no que se leve a cabo a ampliación da actividade.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

A bonificación ten carácter rogado e deberá ser solicitada polo suxeito pasivo titular do inmovible e da actividade económica. Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Non se poderá aplicar esta bonificación a mais dun inmovible do mesmo suxeito pasivo pola mesma actividade económica.

A dita bonificación terá efectos a partir do exercicio fiscal seguinte a aquel en que foi solicitada e recoñecida e aplicarase durante tres anos, debendo manterse en todos eles as condicións esixidas de novos empregos que serviron de xustificación para o seu outorgamento.

Para a concesión desta bonificación rexerán as seguintes condicións:

a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.

b) Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados desde o inicio da actividade no inmovible bonificado. O non cumprimento desta condición suporá a perda do dereito á bonificación.

A bonificación haberá de solicitarse no período impositivo seguinte ao do inicio da actividade económica, ou da súa ampliación, e da creación dos postos de traballo computables para os efectos deste beneficio fiscal.

Xunto coa solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:

- Declaración dos empregos preexistentes, así como dos novos empregos creados detallando o seu número e modalidade da xornada. Deberá achegar un informe de vida laboral do Código de Conta de Cotización da empresa do período correspondente, ata a data actual, no que se acredite as novas altas e, polo tanto, o incremento da plantilla
- Copia dos novos contratos formalizados, e das altas na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Para o desfrute da bonificación en exercicios sucesivos, o interesado deberá aportar a seguinte documentación, dentro do mes de decembro de cada ano:

- Informe de vida laboral do Código de Conta de Cotización da empresa do período anual correspondente, a data actual
- Declaración responsable de mantemento dos postos creados e das variacións a considerar.

O Concello poderá solicitar, en calquera momento e aos efectos de comprobación de datos, calquera documentación relacionada coa bonificación.

3. Ao amparo do disposto no art.74.2 quáter do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto aqueles inmovibles de natureza urbana ou rústica nos que vaian a desenvolver novas actividades económicas, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser solicitado polo suxeito pasivo do imposto, e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da solicitude, sen carácter retroactivo, e nos tres exercicios seguintes, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron o recoñecemento da bonificación.

4. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra os titulares de bens inmovibles nos que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol, condicionada a que a instalación para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente, extremo que será acreditado coa solicitude da bonificación, que deberá ser presentada polo titular do ben inmovible.

Cando os inmovibles tiveran instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol, será requisito necesario conseguir un aforro mínimo de enerxía primaria non renovable do 30% con respecto ao certificado da eficiencia enerxética do inmovible.

Para a obtención desta bonificación tamén será requisito imprescindible estar en posesión do preceptivo título habilitante de natureza urbanística e estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello no momento da súa concesión, e deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

- a. Certificado de eficiencia energética emitido polo INEGA.
- b. Certificación de captadores solares térmicos (antes denominada Homologación) para o caso de placas solares térmicas (non esixible para as fotovoltaicas/eléctricas), emitida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

- c. Inscripción no Rexistro de Instalacións de Autoconsumo da Consellería de Economía e Industria.
- d. Certificado confeccionado polo técnico competente no que se constate o cumprimento da normativa vixente en materia de eficiencia enerxética, e de que a instalación ou instalacións funcionan con plena eficacia e seguridade, no que se recolla que esta ou estas supoñen un aforro de polo menos o 30% sinalado anteriormente.
- e. Certificado final da obra.
- f. Título habilitante de natureza urbanística.
- g. Estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello no momento da súa concesión.

Esta bonificación ten carácter rogado e deberá ser solicitada antes do 31 de decembro do ano, tendo efectos no exercicio seguinte ao da súa solicitude, e será aplicada por un período máximo de cinco anos. Non obstante, esta manterase en tanto se sigan cumprindo os requisitos que motivaron a súa concesión, no caso contrario, o interesado ten a obriga de comunicar os cambios que se produzan ao Concello.

Para aquelas bonificacións recoñecidas con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2025, manteranse por un período máximo de 5 anos, é dicir, do ano 2025 ao 2029.

5. As bonificacións reguladas neste artigo son excluíntes entre si, non sendo acumulativas.

Artigo 10. Período impositivo e acreditación do imposto

- 1. O período impositivo é o ano natural.
- 2. O imposto acredítase o primeiro día do ano.
- 3. As variacións de orde física, económica ou xurídica, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen afectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.
- 4. Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ao que figura no seu padrón, liquidará o IBI na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.
- 5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios “meritados” e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que se van finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.
- 6. No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e aos anteriores a cota satisfeita polo IBI a razón doutra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 11. Réxime de Declaración e Ingreso.

- 1. Para os efectos que se prevén no artigo 76 do texto refundido da Lei de facendas locais, do 5 de marzo de 2004, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde física, económica ou xurídica nos bens inmoebles que teñan transcendencia para os efectos deste imposto.
- 2. Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a cal debemos indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.
- 3. Sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais, o Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións públicas, comunicarlle ao Catastro a incidencia dos valores catastrais ao outorgar licenza ou autorización municipal.
- 4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores – recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.
- 5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, anterior ao contencioso – administrativo, no prazo de 1 mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.
- 6. A interposición do recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.
- Porén, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostre de xeito concluínte a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.
- 7. O período de cobro para os valores – recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme ao texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, do 5 de marzo de 2004.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

- a. Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.
- b. Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Unha vez transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iníciase o período executivo segundo o que se establece no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 12. Xestión por Delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración convida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13. Data de Aprobación e Vixencia.

A presente ordenanza fiscal e entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial Provincial e permanecerá vixente ata a súa derogación ou modificación expresa.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do Imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outras leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

Disposicións Derradeiras.

Primeira.- No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexerán as normas da Lei Xeral Tributaria, da Lei de facendas locais e as disposicións que, no seu caso, dítense para a súa aplicación.

Segunda.- A presente Ordenanza Fiscal e, no seu caso, as súas modificacións entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas sinálese outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilalba, 23 de decembro do 2024.- A alcaldesa, Marta M^a Rouco Seoane.

R. 4159

Anuncio

Procedementos: Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Expediente número: 2553/2024

Ordenanza Fiscal núm. 5 do Imposto sobre circulación de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vilalba (IVTM).

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro do 2024, da “*Ordenanza Fiscal núm. 5 do Imposto sobre circulación de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vilalba (IVTM)*”, publicado no BOP nº 258 do 8/11/2024, insertándose de seguido o texto íntegro da dita ordenanza reguladora, no cumprimento do estipulado no art. 17 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 1º.

De conformidade co que se prevé no **artigo 96.4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais**, o coeficiente de incremento das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste municipio queda fixado no 1,18%.

Artigo 2º.

1- O pago do imposto acreditarase mediante un recibo que facilitará o servizo de recadación unha vez satisfeito o importe.

Artigo 3º.

1- No caso da primeira adquisición dun vehículo e cando estes se reformen, de maneira que se altere a súa clasificación para os efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de 30 días a contar a partir da data da adquisición ou reforma, a declaración por

este imposto, segundo o modelo aprobado polo concello ao que se achegará a documentación acreditativa da súa compra ou a modificación, o certificado das súas características técnicas e o DNI ou o código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

2- Pola oficina xestora practicarase a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que lles será notificada individualmente aos interesados, indicándolles o prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 4º.

1- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do 2º trimestre de cada exercicio.

2- No suposto que se regula no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual, no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que figuren inscritos no correspondente rexistro público a nome das persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3- O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ao público polo prazo de 15 días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos

Artigo 4º bis.

1. Estarán exentos do imposto:

1.1. Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2. Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexán súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3. Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

1.4. As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou doentes.

1.5. Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equipararanse ós ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados ao nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto neste epígrafe, consideraranse persoas con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.”

1.6. Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

1.7. Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

Artigo 4º TER

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 bis da presente ordenanza aplicarase de oficio agás excepción dos sinalados nos apartados 1.5 e 1.7, que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma:

a) Para os supostos sinalados no apartado 1.5, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, documento acreditativo da súa titularidade e afección ós usos sinalados no mencionado apartado.

En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1.5, do artigo 4º bis, os interesados deberán achegar certificado oficial ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade, en grao igual ou superior ao 33 por 100, expedido pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, ou o correspondente organismo da Comunidade Autónoma competente en cada caso. Non obstante, esta

exención manterase en tanto se cumpran os requisitos que motivaron a súa concesión, no caso contrario, o interesado ten a obriga de comunicar os cambios que se prouduzan ao Concello.

A concesión deste beneficio fiscal, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude. Non obstante, se un vehículo tiña concedida a exención con validez non definitiva pola temporalidade do certificado de discapacidade do suxeito pasivo, manterase a continuidade da exención se se presenta un novo certificado de discapacidade prorrogado, aínda que a presentación se fixera con posterioridade á data do devengo do imposto.

b) No suposto do apartado 1.7 os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da exención debendo achegar o permiso de circulación do vehículo e a inscrición do mesmo no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), no municipio de Vilalba. A exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a solicitude, e estes manteranse nos sucesivos exercicios mentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión.

Artigo 5º.

No que non está expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos que se conteñen na **subsección 4ª, da sección 3ª, do capítulo II, do título II** da citada **Lei 39/1988**, concordantes e complementarios dela, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións que foron ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As persoas ou entidades que a data de comezo da aplicación do presente imposto gocen de calquera clase de beneficio fiscal no imposto municipal sobre circulación de vehículos, continuarán no goce deles no imposto citado no primeiro termo ata a data da extinción dos citados beneficios e, en caso de que eles non tivesen termo de goce, ata o 31/12/1992, inclusive.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal e, no seu caso, as súas modificacións entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas se sinala outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilalba, 23 de decembro do 2024 - A alcaldesa, Marta Mª Rouco Seoane.

R. 4160

Anuncio

Procedementos: Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Expediente número: 4219/2024

Ordenanza Fiscal núm. 11 da taxa pola rede de sumidoiros.

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro do 2024, da “*Ordenanza Fiscal núm. 11 da taxa pola rede de sumidoiros*”, publicado no BOP nº 258 do 8/11/2024, insertándose de seguido o texto íntegro da dita ordenanza reguladora, no cumprimento do estipulado no art. 17 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 1º- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a “Taxa da Rede de Sumidoiros” que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, onde as normas atenden ao que se prevé no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

1 -Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa que tende a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipais.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipais, e o seu tratamento para depuralas.

2 -Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3º-SUXEITO PASIVO.

1 -Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da leira.

b) No caso de prestación de servizos do núm. 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das leiras do termo municipal beneficiarias dos ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatario, incluso en precario.

2 -En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- RESPONSABLES.

1 -Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2 -Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeraltributaria.

Artigo 5º.- COTA TRIBUTARIA.

ANO 2025

1. TARIFAS DO SERVIZO DE SANEAMENTO

a) Subscritores con servizo municipal de abastecemento de auga

Mínimo trimestral (24 m³/trim) 7,2216 €/ab.trim

Por cada m³ facturado en abastecemento 3009 €/m³

b) Subscritores sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga (cuxo consumo estea próximo á media do resto dos subscritores)

- COTA FIXA

- Uso doméstico

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 10,8462 €/ab.trim

- Uso comercial

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 10,8462 €/ab.trim

- Uso industrial, hostalaría, obras e outros

(para unha media de 22 m³/abon.mes) 19,8829 €/ab.trim

c) Abonados con subministración non procedente da rede municipal de abastecemento e cun consumo moi superior á media do resto dos subscritores.

Aqueles subscritores/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparellos para medida do caudal vertido á rede. Esta medición servirá de base para a facturación.

De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas se poderá realizar un auditorio do caudal vertido para os efectos de facturación.

Por cada m³ de vertedura, medido ou aforado 0,3009 €/m³

2. PREZO DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO

Ud. de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C. Ø 160/200/5 atm. incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme, así como conexión a pozo/colector existente con peza estanca específica para unha lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

GABIA EN TERRA 465,13 €/ud

GABIA EN ASFALTO 538,17 €/ud

GABIA EN BEIRARRÚA

591,11 €/ud

NOTA: todos estes prezos veranse gravados co IVE correspondente.

Artigo 6º.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Só se concederá as exencións ou bonificacións da exacción da presente taxa que veñen establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de Tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.- DEVENGO.

1 -Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, e enténdese esta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2 -Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as leiras do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a leira non exceda de 100m. e se devengase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 8º.- DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da leira e o derradeiro día do mes natural seguinte.

Estas derradeiras declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal e, no seu caso, as súas modificacións entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas se sinala outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilalba, 23 de decembro do 2024 - A alcaldesa, Marta M^a Rouco Seoane.

R. 4161

Anuncio

Procedementos: Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Expediente número: 4255/2024

Ordenanza Fiscal núm. 16 r/ da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga.

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións nin suxestións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro do 2024, da “*Ordenanza Fiscal núm. 16 r/ da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga*”, publicado no BOP nº 258 do 8/11/2024, insertándose de seguido o texto íntegro da dita ordenanza reguladora, no cumprimento do estipulado no art. 17 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA. BASE IMPOÑIBLE. TARIFA

ANO 2025

1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO.

Mínimo trimestral: 24 m3/trim.	12,2376 €/ab.trim
Mínimo de consumo: 24 m3/trim.	0,5099 €/m3
1º bloque: máis de 24 a 30 m3/trim.	0,5835 €/m3
2º bloque: máis de 30 a 40 m3/trim.	0,7400 €/m3
3º bloque: máis de 40 m3/trim.	0,8286 €/m3

2. COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

Cota mensual	0,6082 €/ab.mes
--------------	-----------------

3. ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO.

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5,00 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m).

MATERIAIS

- Ud. de Collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaría de P.E.B.D: 1 a 5 m.
- Ud. de chave de paso
- Tapa de fundición de 15 X 25 cm.

OBRA CIVIL

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15 X 25.
 - 1 a 5 m.l. de gabia (apertura, peche e reposición de pavimento).
- (Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia).

Ø Acometida	Terra(A)	Asfalto(B)	Baldosa-beirarrúa(C)
¾"	231,30 €	297,70 €	354,53 €
1"	251,65 €	318,70 €	373,74 €
1¼"-11/2"	302,73 €	369,40 €	425,54 €
2"	360,29 €	425,54 €	482,36 €

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de máis de 5 m.	¾"	1"	11/4"-11/2"	2"
(A) Incremento € por m.	10,84	12,73	18,11	30,43
(B) Incremento € por m.	23,91	25,75	31,20	43,48
(C) Incremento € por m.	28,74	30,51	35,97	48,26

4.- CONTADORES.**4.1. Instalación en batería de contadores ou similar.**

- Contador de 13-15 mm./20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado

- Contador de 13/15 mm. 94,57 €/ud
- Contador de 20 mm. 118,49 €/ud

4.2. Contador diámetro superior a 20 mm.

Para contadores de diámetros superiores, farase presuposto con anterioridade.

4.3. Tarifa de contadores (sen colocación).

TARIFA DE CONTADORES (Sen colocación)

Ø 13/15 mm	70,42 €/unidade
Ø 20 mm	94,82 €/unidade
Ø 25 mm	154,10 €/unidade
Ø 30 mm	215,87 €/unidade
Ø 40 mm	334,73 €/unidade
Ø 50 mm	731,15 €/unidade
Ø 65 mm	906,40 €/unidade

5. XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS.

- Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e a comunicación dos recibos pendentes de pago. 5,062 €/ud.

6. FIANZAS NAS ALTAS DOS CONTRATOS DE AUGA.

- Para subministracións domésticas ou comerciais 37,68 €/alta
- Para subministración industrial ou de obra. 84,81 €/alta

7. DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado dun contador: precintado por baixa voluntaria ou por expediente de corte de subministro. 38,74 €/ud.

8. CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DOS RACORES DO EQUIPO DE MEDIDA

Por conexión á rede dun contador instalado por persoal alleo ao servizo municipal de augas e precintado dos racores. 38,74 €/ud.

9.- COMPROBACIÓN DE CONTADOR DO ABOADO CON CONTADOR PATRÓN

A petición do aboado: por comprobación da medición do contador do aboado co contador patrón. 38,74 €/ud.

(Todos os prezos se verán gravados co IVE correspondente)

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal e, no seu caso, as súas modificacións entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.

Vilalba, 23 de decembro do 2024 - A alcaldesa, Marta M^a Rouco Seoane.

R. 4162